

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27.05.2022 ata o 16.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

A Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” pretende desenvolver un proxecto consistente na elaboración, produción e difusión de catro vídeos dunha duración aproximada de tres minutos cada un que baixo o título de serial de “Un día entre redes” se poida apreciar o traballo diario das redeiras, este vídeo difundirase a través das redes sociais, da web da Federación, así como a posta a disposición das oito asociacións que integran esta entidade.



Este traballo abranguerá todas as fases do circuío audiovisual, como son a preproducción, produción e postproducción, así como a propia difusión a través das redes sociais, das confrarías de pescadores, asociacións de redeiras e a propia web da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”.

Para o desenvolvemento deste proxecto contase coa participación de todos os membros da Federación, daquelas persoas que se atopan ligadas á propia federación e ao asociacionismo en xeral e para as funcións máis técnicas relacionadas coa produción dos vídeos con persoal técnico cualificado.

Os obxectivos buscados con esta actividade son os de promover a actividade de redeira para fomentar o relevo xeracional, achegar esta actividade artesanal a través das novas tecnoloxías axudando a visibilizar o traballo da muller no ámbito do mar, reforzar a empregabilidade, o empoderamento do colectivo e tamén a profesionalización real e efectiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplado na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

